



# O ano que Rosalía quedou sen misa

**Rubén Aramburu Molet**

Quero contarvos unha historia: unha mañá de domingo, de moita choiva, atopei un velliño, enchoupado, na porta do cemiterio. Chegou despois de andar case unha hora por camiños enlamados e coa friaxe da mañá. Pregunteille que facía alí tan cedo e contoume que a semana anterior lle trouxera unhas candeas aos seus pais que estaban alí enterrados e, como non arderan ben, quedáralle o remorso de non cumprir ben cos seus seres queridos, e por iso volveu cunhas velas novas, a pesares do mal tempo. Eu ante iso teño que quedar calado e sóbrame a teoloxía e tódalas ciencias. O mesmo pasa cando chega unha velliña á sancristía e medi que quere unha misa polos pais que morreron hai máis de 50 anos. Teño moi claro que a muller sabe de sobra que os seus defuntos non precisan dunha misa para salvarse, pero que é unha forma de facelos presentes, de non esquecerlos, de non deixalos no cemiterio. É posíbel negarse a tanto cariño? Entón, eu dígolle como aprendín

de Paco de Aguiño: moi ben, imos rezar con eles... non por eles! Conto todo isto, polo asunto da misa de Rosalía e da crueldade que me parece dalgunha xente que, con todos os seus estudos e filosofías, non nos entende non. Porque no fondo parécense a eses dogmáticos que pechan as portas da casa do Pai a quen se perdeu no camiño, a quen non acertou, a quen ninguén axudou e tantos condenaron. E agora penso en Rosalía, que encargou sempre a misa polos seus defuntiños, a súa nai, os seus fillos...que corazón xeadado e ilustrado non entendeu para nada a esta muller rebelde e galega? Despois conto algo máis desta historia, pero agora digo con Rosalía: Deus bendiga todo, nena!

A un amólaio bastante que de cando en vez saían nos medios datos e enquisas que sitúan a Igrexa como a institución peor valorada pola xente. Sucedeu de novo este verán. Supoño que a clave está na palabra institución e o que a xente entende cando se lle pregunta por ela, porque

despois a parroquia da aldea, ou do barrio, non son institucións, nin se consideran como tal, senón máis ben como lugares de servizo e de encontro comunitario. Ben é certo que o comportamento de funcionario asumido por algúns pastores non axuda ao bo creto, nin moito menos o daqueles que se dedican ao negocio aproveitando eventos como vodas, bautizos e comunións creando monopolios fotográficos e floreiros, como denunciou algún programa de TV recentemente. Tampouco se entende como institución o traballo de tantos relixiosos en colexios, hospitais, comedores e centros asistenciais, nin o labor de Proxecto Home, ou Cáritas, nin o P. Angel cos Mensaxeiros da Paz, ou o P. Pateras aló no estreito recollendo e coidando inmigrantes. Entón, de que falan os medios cando din institución? Como non son sociólogo non aventurarei respostas, pero si constato que temos un grave e serio problema de comunicación. Non damos acertado cos medios, e para un que din que é noso, fraco favor nos fai sementando ventos que traen tempestades. Pero ben, a cousa non dá para máis e velaí un verán no que quedamos fartos de Educación para a Cidadanía, dos axentes do mal, da volta do latín e de termos a certeza de que

fóra da Igrexa católica non hai salvación. Algunha distracción tivemos cos sombreiros e os zapatos do papa, coa capa magna do cardeal Cañizares e coa viaxe no tempo que fixo a un seminario tridentino na Toscana.

Un romanés prendeuse lume na vía pública, desesperado por non ter con que manter a familia. Morreu aos poucos, no medio dunha impresionante asistencia técnico-sanitaria e na soidade máis cruel. Os mortos das *pateras* e os *cayucos* sementaron un loito alleo nas praias do sur, como cada ano. Do tremor de terra do Perú, algo soubemos, pero o risco dos ciclóns na costa norteamericana rouboulle o protagonismo informativo. Os conflitos de Iraq, Afganistán, Palestina, Líbano... ben merecen unha misa de réquiem, de costas ao mundo e en latín: *dies irae, dies illa... confutatis maledictis...* ou aquilo máis popular que cantaba a miña avoa: “llegó un caballero, con capa y sombrero...”

### **Igrexa no mundo**

O dez de xullo o papa Bieito autorizou a publicación e difusión do documento final da V Conferencia do CELAM en Aparecida, Brasil. Non faltou a polémica xa que o documento foi

filtrado en internet por unha entidade pertencente ao episcopado brasileiro, ademais sóubose dalgún que outro recorte ou modificación antes de que chegara ao papa. 118 páxinas e 573 párrafos recollen as reflexións e propostas do episcopado do Caribe e do sur de América. Seguindo a dinámica de ver, xulgar, actuar, o documento divídese en tres partes fundamentais: 1. A vida dos nosos pobos: desde unha mirada teoloxal e pastoral analízanse os grandes cambios do mundo e do continente e que interpelan a evanxelización; 2. A vida de Xesús Cristo nos discípulos misioneiros: convoca ao espertar misioneiro de todos os discípulos de Xesús; 3. Accións pastorais para desenvolver a misión, con especial atención ás novas pobreza e lembrando a opción preferencial polos pobres feita en Medellín.

Días antes foi publicado o *motu proprio* que permite a misa segundo o rito de San Pío V e o Misal Romano de 1962. O papa acompaña o documento cunha carta a todos os bispos do mundo debido á polémica e confusión que creou esta decisión coñecida meses antes. Segundo o papa non se menoscaba a autoridade do Vaticano II nin a reforma litúrxica. Parece que todo responde a un intento de

achegarse ao grupo cismático da Fraternidade de san Pío X creada polo arcebispo Lefebvre e a outros grupos integristas. O certo é que, con estupor, un contempla como na nosa terra comezan a aparecer cregos mozos que recuperan sotanas, manteos, bonetes e ornamentos litúrxicos negros para as misas de defuntos... todo un furor teolóxico. Sabemos de reaccións contrarias a esta decisión do papa e do malestar dos bispos de Francia, Alemaña, Italia que temen que estes grupos se sintan fortalecidos e aumenten a súa división co resto dos católicos.

Outro dos agasallos deste verán foi o documento da Congregación para a Doutrina da Fe *Respuestas a algunas preguntas acerca de ciertos aspectos da doutrina sobre a Igrexa* e publicado o dez de xullo. A afirmación de que a única Igrexa de Cristo subsiste na Igrexa Católica, gobernada polo sucesor de Pedro e polos bispos en comunión con el non sentou nada ben nos círculos ecuménicos, nin sequera nos católicos que a viron como un xerro de auga xeadá vertida sobre tantos anos de diálogo. Houbo reaccións de todo tipo: algúns ven no documento outro xesto aos lefebvrinos, de sempre

contrarios ao diálogo ecuménico, e o Consello Ecuménico das Igrexas (ortodoxas, anglicanas e protestantes) declarou que toda igrexa pode chamarse lexitimamente católica sen que ningunha sexa a totalidade da Igrexa de Cristo. No documento aparecen referencias a algúns teólogos, citando expresamente a Leonardo Boff, e considerando as súas posturas como erros e desviacións.

Quizais o documento máis importante saído das mans de Ratzinger nos últimos meses sexa a carta enviada aos católicos da China co consenso previo das autoridades de Pequín, e publicada o 30 de xuño. Bieito XVI parece estar especialmente interesado nas relacións coa China e coa problemática da Igrexa Católica dividida nun sector fiel a Roma e clandestino, e outro oficial baixo o control do Partido Comunista. Recordamos os conflitos provocados pola ordenación de bispos sen o consentimento do papa. Algúns destes bispos pediron despois o recoñecemento de Roma, o papa móstrase disposto sempre e cando fagan pública a súa comunión plena co sucesor de Pedro. Na carta, Bieito XVI da pasos discretos de cara a unha

normalización das relacións diplomáticas entre China e o Vaticano, pero lembrando que deben pasar pola liberdade de culto para os católicos. As autoridades comunistas decidiron tomar con tranquilidade o documento, sometidas quizais á presión internacional con motivo da celebración dos próximos xogos olímpicos nese país, no ano 2008. Un signo desta normalización foi a última ordenación dun bispo chinés, Li Shan, o 21 de setembro, nomeado por China e que por primeira vez en 50 anos foi aceptada polo Vaticano.

Como resumo destes meses sinalar que o papa recibiu o presidente norteamericano George Bush no mes de xuño e mantivo con el un longo diálogo sobre política internacional, no que Bieito XVI se mostrou especialmente preocupado pola situación do oriente medio. O papa visitou Asís o 17 de xuño, renovando o seu compromiso coa paz. En setembro acudiu en Loreto a un encontro cuns 300.000 mozos de toda Europa e tamén realizou a visita a Austria do 7 ao 9. Durante as vacacións recibiu en Castelgandolfo a 5.000 mozos madrileños, acompañados do cardeal Rouco Varela, que formaban parte da “Misión

Joven” da diocese. Após o tremor de terra no Perú, o papa enviou o secretario de estado, cardeal Tarcisio Bertone, que visitou os lugares máis damnificados o 24 de agosto e fixo entrega dunha primeira axuda urxente do Vaticano de 200.000 dólares.

O día 5 de agosto falecía o que fora arcebispo de París, cardeal Lustiger, unha das grandes figuras do catolicismo francés. Xudeu, fillo de nai polaca asasinada no campo de exterminio de Auschwitz. Foi nomeado bispo de Orleáns en 1979 por Xoán Paulo II, de quen foi estreito colaborador. Todos os ambientes da sociedade francesa recoñeceron a valía do cardeal Lustiger e o seu empeño no diólogo entre católicos e xudeus. O seu funeral en Notre Dame foi unha clara mostra e mesmo o presidente da República, Nicolás Sarkozy, interrompeu as súas vacacións en EE.UU para asistir ao enterro. Días antes soubemos tamén do falecemento o 30 de xullo do patriarca da Igrexa Ortodoxa de Romanía, Teoctist aos 92 anos.

### **Igrexa en España**

Sen dúbida que o tema estrela desta sección é o debate sobre a nova materia de Educación para

a Cidadanía, do que un xa comeza a estar farto. Ás veces penso se será un invento televisivo, ou dos xornais, ou se partirá dun acordo dos poderes para ter algo con que entreter a xente. O caso é que en todo este tempo de liorta non escoitei a ningún pai o nai da miña bisbarra falar do asunto, polo que chego a conclusión de que lles debe importar ben pouco. Só un comentario dun paisano no bar, que creo é significativo: “iso éche cousa dos cregos que como non teñen fillos andan nestas lérias...” Por aquí non temos deses sectores que chaman católicos concienciados, o que non quere dicir que a nosa xente non teña conciencia ademais de sentido común, decatándose de que xa hai bastantes problemas que resolver cada día, para vestir, dar de comer e pensar no futuro dos fillos. Con isto, non lle quero quitar importancia ao asunto, pero non entendo que poida ser motivo de tanta crispación, división, insulto, que non precisamos para nada.

O caso é que aínda non temos clara a postura dos bispos sobre a EpC, pois uns soltan anatemas e localizan os axentes do mal, outros falan de materia opcional, outros non a miran de todo mal, e logo temos aos relixiosos que

con máis ollo xa adaptaron os textos ao seu ideario e non teñen problema ningún en impartir a materia nas aulas.

A Comisión Permanente da CEE reuniuse en Madrid do 19 ao 21 de xuño para abordar principalmente o asunto da EpC. Após unha fraternal e intensa discusión, os bispos decidiron non pedir de maneira expresa aos fieis o apoio á obxección de conciencia ante a nova disciplina, aínda que nunha declaración consideran que a EpC “é inaceptábel tanto na forma como no fondo” e fan unha chamada a “actuar de modo responsábel e comprometido” sen aclarar como. A pega que lle ven os bispos á EpC é o perigo de que sexa o estado quen decida a formación moral da conciencia dos alumnos. Os relixiosos agrupados na FERE mostran outro talante e non ven tanto problema en acomodar a EpC aos idearios dos seus centros, polo que recibiron duros ataques desde sectores integristas como o que lidera Jiménez Losantos desde a COPE. A FERE pediu amparo a través dunha carta persoal dirixida a cada bispo, recibindo o apoio da maioría, comezando polo presidente da CEE, Ricardo Blázquez. Os presidentes da CONFER e da FERE-CECA,

Fernández Barrajón e Manuel de Castro convertéronse no centro das iras do integristismo que os tratou de traidores e mesmo de herexes.

Para finais de outubro está prevista en Roma a beatificación de 498 mártires da Guerra Civil Española a maioría curas e relixiosos asasinados durante a persecución relixiosa. Sen dúbida que haberá polémica por esta decisión e pola mobilización de milleiros de persoas que acudirán á Praza de San Pedro para participar na cerimonia. Moitos ven nesta beatificación unha reacción da dereita e da Igrexa ante a Lei da Memoria do goberno socialista, como homenaxe a todos os represaliados republicanos durante a guerra e a ditadura de Franco. Quizais non estea acertado todo o que ten que ver coa revisión da memoria histórica e aínda recoñecendo o martirio de tantos inocentes penso que non é o momento para tales celebracións. Que gañaremos con todo isto?

Por fin, cun atraso de varios meses, foi presentado en España o libro de Bieito XVI: Xesús de Nazaré, co esperado éxito de vendas, tendo en conta que a editorial agardou a finais de agosto, xa que setembro é un dos

meses de maior venda. Ricardo Blázquez fixo a presentación oficial en Madrid o día 3 de setembro. Nun só mes o libro do papa vendeu máis dun millón de exemplares en todo o mundo.

### **Igrexa en Galicia**

O pasamento do bispo dimisionario da diocese de Mondoñedo-Ferrol, monseñor Miguel A. Araújo, o 22 de xullo, foi unha das principais noticias do verán en Galicia. Faleceu en Ourense aos 87 anos e recibiu sepultura na igrexa de María Auxiliadora, parroquia na que vivía. Creo que é o primeiro caso en moito tempo dun bispo que non é enterrado na catedral. Parece ser que foi decisión propia de D. Miguel; sería tamén algún tipo de xesto? Centos de persoas acudiron a despedir a unha das figuras máis importantes da igrexa galega, que tanto fixo pola lingua e pola xente do pobo. Cando os sucesos de 1972 en Ferrol e a causa do asasinato de Daniel Niebla e Amador Rey por parte da policía, Araújo levantou a voz contra a represión por parte do estado que ademais dos mortos deixou un cento de feridos. A primeira vez que un bispo lle chamaba a atención en público a Franco. Santiago

Carrillo, secretario xeral do PCE, mandoulle unha carta agradecido desde o exilio que comezaba: “Camarada bispo...” Centos de persoas trasladáronse a Ourense, sobre todo curas da diocese de Mondoñedo-Ferrol, para participar nas exequias nas que estiveron presentes todos os bispos de Galicia, xunto co de Astorga. A celebración presidida polo Arcebispo de Santiago, Xulián Barrio, desenvolveuse en galego, como cumpría, cousa que non sucedeu no funeral oficiado días despois en Mondoñedo polo cardeal Rouco Varela, que foi en latín e castelán. O actual bispo de Mondoñedo-Ferrol, Sánchez Monge, si empregou o galego no funeral celebrado na cidade de Ferrol. A presenza do presidente da Real Academia Galega, Xosé Ramón Barreiro, no funeral de Ourense, lembrounos o Araújo académico, cousa que parece esqueceron os eclesiásticos. Neste número de *Encrucillada* dedicámoslle un *in memoriam* ben sentido e agradecido.

Como cada 25 de xullo repetiuse a tradicional ofrenda ao Apóstolo Santiago. Este ano houbo delegada rexia, a presidenta do Parlamento Galego, Dolores Villarino que, nun discurso xa típico, repasou os problemas do mundo e evocou

o valor da concordia representado polo apóstolo. Destacar quizais a petición a Santiago de que a nosa lingua sexa un motivo de orgullo para todos os galegos. O arcebispo, Xulián Barrio, contestou na homilía lembrando que a fe é unha proposta e non unha imposición e resaltando a independencia entre estado e Igrexa. Fixo tamén un chamamento a colaborar contra as forzas destrutivas do mal e facer posíbel que a vida e a historia se desenvolvan.

### *Misa de Rosalía*

Despois de case 70 anos, a Fundación Rosalía de Castro decidiu non incluír no programa de actos do 25 de xullo a chamada misa de Rosalía, parece ser que por presión dun sector minoritario, e ante o silencio e a ausencia doutros membros. Desatouse a polémica na fundación e o asunto chegou aos xornais. Sabemos do desconcerto de moita xente que levaba anos asistindo ao acto de Bonaval e non daban creto a tal supresión. A fundación decidiu abandonar o convento de San Domingos e centrar todos os actos na casa de Rosalía en Padrón. Como escusa pasoulle a pelota ao arcebispo de Santiago, por se quería encargarse da misa. Supoño que bastante terá

o arcebispo en semellante día, como para ir celebrar a misa de Bonaval. Así andamos e non arrancam os conxectos con este concepto de progresismo barato. A misa de Rosalía, como ben di o profesor Baliñas, era moito máis que un intre relixioso. Foi o único espazo de encontro e celebración da galegitude militante nos anos da ditadura. A ofrenda a Rosalía facía presentes a milleiros de galegos dispersos polo mundo, e era unha vivencia espiritual coa terra e a fala, fóra de políticas e institucións. Agardemos que outra xente teña a ben recuperar esta fermosa tradición; débemoslla a moitos amigos.

Do 27 ao 30 de xuño celebrouse o congreso internacional *San Rosendo, o seu tempo e o seu legado*, organizado pola Xunta, as dioceses de Mondoñedo-Ferrol e Ourense, o concello de Celanova e as Universidades de Vigo e Santiago con motivo do MC aniversario do seu nacemento en novembro do 907. Desenvolveuse entre Mondoñedo, San Tirso de Portugal e Celanova e contou cunha vintena de conferenciantes entre eles os profesores Manuel C. Díaz y Díaz e Fernando López Alsina, da Universidade de Santiago, así como o arcebispo de Santiago que pechou o



congreso falando do legado de San Rosendo na actual igrexa galega. O 27 de xuño celebrouse en San Martiño (Foz) unha misa polo rito mozárabe ou hispánico, presidida por Mons. Sánchez Monge. Nos actos estivo presente o conselleiro de Industria, Fernando Blanco. Recentemente, A BAC publicou un libro cunha nova biografía sobre San Rosendo escrita polo sacerdote ourensán José R. Hernández Figueirido e prologada por Segundo Pérez, director do Instituto Teolóxico Compostelán.

### *XXX Romaxe na Romaxe*

Na Romaxe, que é como lle chaman os veciños de Mazaricos ao lugar da Virxe do Monte, onde IRIMIA convocou este ano a festa. A pesares de coincidir coas festas marianas do 8 de setembro, reuníronse unhas 4.000 persoas, baixo o lema *A terra quer lentura*. A liturxia foi desenvolvida por xentes da parroquia de Mazaricos, que ademais prepararon moi ben a acollida e toda a organización. Non faltou o grupo *A Quenlla* que ademais da animación musical, leu unha felicitación con motivo dos 30 anos de Romaxes. O concello, co alcalde á fronte, esforzouse en todos os detalles, e hai que sinalar que o da carpa

foi un gran acerto, pois ademais de amparar do sol, axudou ao recollemento na celebración. Houbo sorpresa coa presenza de varios representantes da parroquia madrileña de Entrevías. Javier Baeza, o párroco, recibiu un aplauso de máis de cinco minutos por parte dos participantes. Agradeceu o apoio no nome dos presentes, que coa súa historia de exclusión (droga, cárcere, inmigración) sentíronse agradecidos e acollidos. Creo que xa nos dan conta nas páxinas deste número, pero parabéns a Irimia polos 30 anos de romaxe. O ano que ven en Baltar, concello da Pastoriza, Lugo.

### **Outras novas**

O sacerdote Carlos Álvarez, foi nomeado reitor do Seminario Maior de Santiago polo arcebispo Xulián Barrio. Álvarez substitúe a Bartolomé Sánchez, que faleceu o curso pasado.

Celebrouse no mosteiro de Poio, do 10 ao 12 de setembro a XV Semana de Formación Permanente dos cregos de Galicia, organizada polas delegacións do clero das dioceses galegas. Este ano o tema foi *O sacerdote, servidor da comunión* e os relatorios correron a cargo de Jaume Fontbona, profesor

da Facultade de Teoloxía de Cataluña, e Saturnino Gamarra da Facultade de Teoloxía do Norte de España. Os bispos galegos participaron cos cregos en diferentes momentos.

Como xa é costume, após a semana dos cregos, e tamén en Poio, tivo lugar a reunión dos bispos galegos coa Conferencia de Religiosos de Galicia e os seus superiores maiores. José Román Flecha, profesor da Pontificia de Salamanca fixo unha explicación sobre o polémico documento da CEE, *Orientacións morais sobre a situación actual en España* e Ramón Gomez Crespo informou sobre o Proxecto Home-Galicia. Houbo tamén unha información sobre as actividades da Congregación Rexional de Institutos Seculares.

O Instituto Teolóxico Compostelán organizou entre o 3 e o 5 de setembro as VIII Xornadas de Teoloxía *Romper o silencio sobre Deus: Razón, Fe, Amor* rezaba a convocatoria. Unhas quince conferencias, entre outras actividades, centraron o traballo, entre os moitos relatores estaban Luis Herrero-Tejedor, do Parlamento Europeo, Mons. Omella, J. Antonio Martínez Camino, Martín Gelabert e

xornalistas como Ramón Loureiro e Jorge Estevez.

URCA, o multifestival que reúne mozos e mozas para afondar na expresión, a solidariedade e o encontro, celebrou a súa andaina número XVI no Monte do Gozo en Santiago. Un cento de participantes pasaron polos obradoiros, concertos, mesas redondas, exposicións, seminarios e outras moitas ofertas.

O biblista ourensán Julio Lamelas foi nomeado membro do equipo de Dirección da Asociación Bíblica Española, quizais a máis importante asociación de biblistas españois. Sucedeu nas xornadas anuais, celebradas no mes de setembro en Sevilla.

E ao rematar quero agradecerlle entre outras cousas, ao meu bispo, D. Xulián, o artigo que escribiu sobre os accidentes de tráfico e a responsabilidade dos condutores, porque ten moita razón e porque son demasiados mortos na terra, e tantos mozos! E porque é hora de que os bispos se ocupen da dor e de sufrimento de tanta xente.

Na memoria de Jesús Burgaleta e de Miguel Araújo. Viven en Deus.

**Rubén Aramburu Molet**